


O superlibro das profesións

Mike Barfield - Franziska Höllbacher



AUTOR: Mike Barfield
ILUSTRADORA: Franziska Höllbacher
ISBN: 978-84-8289-773-8

PUBLICACIÓN: outubro 2025
FORMATO: Encuadernación rústica
MEDIDAS: 29 x 22 cm
PÁXINAS: 96
IDADE ORIENTATIVA: >7
COLECCIÓN: Divulgativa
PREZO CON IVE: 18,95 €



Mensaxeiros incas correndo polos Andes, bufóns que facían rir a reis e raíñas, recolectores de excrementos, dobres de corpo... a historia está chea de oficios tan raros como sorprendentes!

Nas súas páxinas descubrirás personaxes incribles como Bessie Coleman, a primeira piloto negra de acrobacias; Zazel, a primeira muller canón; o gran Houdini, mestre do escapismo; ou Marie Tussaud, que converteu a cera en arte.

E non só iso: tamén atoparás animais que traballaban en misións asombrosas, como sapos ao servizo de estafadores médicos, ratas que localizaban minas ou cans que salvaban vidas advertindo de ataques con gas venenoso na Primeira Guerra Mundial.

As ilustracións, cheas de cor e humor, converten cada historia nunha pequena aventura: algunhas páxinas semellan un cómic, outras un álbum ilustrado, sempre reflectindo a personalidade dos personaxes... e mesmo os animais contan a súa historia.

Un percorrido sorprendente, divertido e cheo de anécdotas que fará rir tanto a pequenos como a maiores. E, para rematar, un test final moi especial axudarache a descubrir que profesión estraña sería a túa.

